



INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA SOLICITUDES DE NOVO INGRESO NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “A ULLOA” DO CONCELLO DE OROSO.

- As **solicitudes** deben ser presentadas **dentro de prazo**. No caso de ser presentadas antes da data indicada, entenderase que están presentadas tamén fóra de prazo.
- Deben cubrirse e **asíñarse tódalas páxinas** da solicitude pola mesma persoa, agás no modelo de autorización do concello para recabar datos tributarios por vía telemática, na que deben asinar os dous proxenitores.
- No apartado reservado para datos da **unidade familiar**, deben facerse constar tódolos membros da mesma, incluído @ @ alumn@ para @ que se solicita praza, pais e irmáns, se é o caso.
- No caso de solicitar o **servizo de comedor**, deberase aboar o mesmo dende o mes de setembro, aínda que non se faga uso do mesmo. Polo tanto, é preferible non elixir a opción de comedor se non se utiliza dende o día 1 de setembro e solicitar no seu momento a alta no mesmo.
- A opción de **cheque infantil** trátase dun programa da Xunta de Galicia consistente no pago por parte da administración do total ou dunha parte do custo dunha praza de gardería privada en función das condicións económicas de cada unidade familiar. Optarán ao mesmo automaticamente aqueles expedientes de alumnos que queden sen praza na Escola Infantil Municipal, no caso de que indiquen que desexan optar ao cheque infantil, sen necesidade de ter que facer ningún trámite a maiores.
- No caso de querer optar ao **cheque infantil** só en xornada de tarde, indicarse no cadro que aparece a continuación da opción de comedor.
- Na elección de **turno solicitado**, **debe indicarse só un dos tres** posibles, ao que haberá que especificar obrigatoriamente a escolla dun horario que se axuste, aos límites de cada unha das quendas.
- As **solicitudes** presentadas son só para o **curso escolar actual**. No caso de non conseguir praza, para o curso escolar seguinte debe presentar unha nova solicitude.
- No cadro de **situación sociofamiliar**, no seu primeiro apartado, haberá que especificar o número de persoas que non forman parte da unidade familiar (a unidade familiar está composta polos pais, irmáns d@ nen@ para o que se solicita praza). No segundo apartado, enténdense persoas con minusvalidez, aquelas persoas que teñan recoñecida legalmente a través do Certificado de minusvalía ou Declaración da situación de dependencia.) No quinto apartado, enténdense familias numerosas, aquelas que teñan acreditada tal situación co correspondente Título de Familia Numerosa.
- No cadro de **situación laboral familiar**, enténdense persoas en situación de desemprego, aquelas que teñan recoñecida legalmente a través do Servizo público de Emprego correspondente, a través da súa Tarxeta de demanda.)
- Á hora de presenta-lo **libro de familia**, deben incluírse **tódalas páxinas escritas**, non só a d@ nen@ para @ que se solicita praza.
- No apartado de documentación **xustificante de desemprego**, debe presentarse un certificado no que se especifique se se percibe ou non prestación de tal organismo, indicando, de se-lo caso, a cantidade e a duración da prestación.